



## Morte

### CATEGORÍAS RELACIONADAS

#### *A Santa Compañía polo mar de Pontedeume*

O avó dunha tía da miña informante saíu unha noite fóra da casa e viu que polo mar que separa Redes, no concello de Ares, de Ventosa, en Centroña, Pontedeume, "camiñaban" unhas luces, como candeas. Ao pouco morreu o seu irmán. Todos souberon que as candeas que vira o avó eran portadas pola Santa Compañía.

[Información achegada por Pilar Carpenle Leira e elaborada por Xabier Moure Salgado, en abril de 2013]